

RESOLUCIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR DE VIGO POLA QUE SE FAI PÚBLICA A RELACIÓN DEFINITIVA DE EMBARCACIÓNS SELECCIONADAS DO PROCEDIMENTO DE OUTORGAMENTO DA "MODALIDADE DE ANEMONE", DO PERMISO DE EXPLOTACIÓN, NO PLAN DE XESTIÓN DE ANEMONE DA CONFRARÍA DA ILLA DE AROUSA

ANTECEDENTES

- 1. O Plan de xestión de anemone mediante mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie**, da confraría de pescadores da Illa de Arousa, que foi aprobado mediante a Orde do 22 de decembro de 2021, pola que se aproban os plans de xestión de recursos específicos en Galicia para o trienio 2022-2024, establece un número máximo de 7 embarcacións e 14 mergulladores habilitados.
2. Unha vez rematado o procedemento de renovación das embarcacións con permiso de explotación para o plan de xestión de anemone da confraría da Illa de Arousa, compróbase que o número actual de participantes neste plan é de 5 embarcacións e 10 mergulladores habilitados.
3. A Confraría de pescadores da Illa de Arousa solicita, nas datas 18 e 25 de febreiro de 2022, o inicio dun proceso selectivo para o outorgamento do permiso de explotación da modalidade de anemone para 2 embarcacións, con 2 mergulladores habilitados cada unha.
4. Mediante Resolución da Xefatura Territorial da Consellería do mar en Vigo, publicada o 9 de marzo de 2022, ábrese o prazo de presentación de solicitudes para o outorgamento da modalidade de anemone a 2 embarcacións, con 2 mergulladores habilitados cada unha, para o exercicio da actividade extractiva no plan de xestión de anemone da Confraría da Illa de Arousa.
5. Rematado o prazo de presentación das solicitudes, constátase que se presentan dezaseis (16) solicitudes ao proceso selectivo.
6. Mediante Resolución da Xefatura Territorial da Consellería do Mar en Vigo, do 26 de maio de 2022, publícanse as listas provisionais de embarcacións admitidas no proceso selectivo, coas correspondentes puntuacións, e ábrese un prazo de 15 días hábiles para realizar alegacións.
7. Presentáronse catro (4) alegacións. Foron revisados os expedientes correspondentes, e non houbo variación da puntuación.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. O artigo 42º da Lei 11/2008, de 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, establece que: *"A explotación das distintas especies de recursos específicos realizarase por modalidades. Esta requirirá estar en posesión das correspondentes habilitacións previstas no artigo 39º desta lei e participar nun plan de xestión"*.
2. A Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da comunidade Autónoma de Galicia determina, nos artigos 25 a 30, os **requisitos e o procedemento para a obtención da modalidade de recursos específicos** no permiso de explotación da embarcación.



3. A Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, establece o *baremo para acceder ás modalidades de recursos específicos* no permiso de explotación.

4. A Xefatura Territorial da Consellería do Mar en Vigo é competente para ditar as resolucións deste proceso selectivo, segundo establece o *artigo 52* da Orde do 30 de decembro de 2015, antes referida.

De acordo con todo o indicado, **RESOLVO:**

1. **Aprobar a relación definitiva das embarcacións seleccionadas** (dúas embarcacións, con dous mergulladores habilitados cada unha) **para a obtención da modalidade de anemone** no permiso de explotación, para o exercicio da actividade extractiva no plan de xestión de anemone da Confraría de Pescadores da Illa de Arousa (**ANEXO I**).

2. Abrir un prazo de 15 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación desta resolución, para que as persoas armadoras das embarcacións seleccionadas presenten a seguinte documentación para a obtención da modalidade e a asignación final de cotas á embarcación:

- a) Rol de despachos actualizado da embarcación coa dotación de tripulación enrolada.
- b) Certificacións profesionais que correspondan ás persoas tripulantes enroladas, agás no suposto de autorización expresa por parte das persoas tripulantes á Consellería do Mar para a consulta das certificacións profesionais expedidas pola Consellería do Mar (a autorización expresa para a consulta destes datos realizárase empregando o Anexo X da *Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia*, DOG nº 13, do 21/01/2016).
- c) No caso de embarcacións que posúan cinco (5) artes ou modalidades no seu permiso de explotación, a renuncia a algunha delas.

Se a documentación non se presenta no prazo establecido, entenderase que desisten da súa solicitude.

Está resolución estará exposta na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>, e con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios da Consellería do Mar das xefaturas comarcais de Pontevedra e Vilagarcía de Arousa, da xefatura territorial de Vigo e na confraría de pescadores.

De conformidade co disposto nos artigos 30, 121 e 122 (sección 2ª do capítulo II) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015), contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderán interpor recurso de alzada ante a Conselleira do Mar no prazo de un mes a contar dende o día seguinte ó da súa notificación.



ANEXO I

RELACIÓN DEFINITIVA DAS EMBARCACIÓNS SELECCIONADAS (MODALIDADE ANEMONE):

Nº	NOME EMBARCACIÓN	MATRÍCULA	1. EXPERIENCIA PROFESIONAL ARMADOR	2. HABITUALIDADE DA ACTIVIDADE PESQUEIRA	3. ANTIGÜIDADE*	4. NÚMERO DE ARTES	5. FORMACIÓN	6. ENROLADAS XÉNERO FEMININO	TOTAL
1	TRES MACHICHES	VILL-3 16-96	0,00	2,50	3,00	3,00	2,80	0,00	11,30
2	XUREL	VILL-3 10039	0,00	2,50	3,00	2,00	3,00	0,40	10,90

* (da embarcación nun porto base incluído no ámbito territorial das entidades titulares do plan).

RELACIÓN DEFINITIVA DAS EMBARCACIÓNS NON SELECCIONADAS (MODALIDADE ANEMONE):

Nº	NOME EMBARCACIÓN	MATRÍCULA	1. EXPERIENCIA PROFESIONAL ARMADOR	2. HABITUALIDADE DA ACTIVIDADE PESQUEIRA	3. ANTIGÜIDADE*	4. NÚMERO DE ARTES	5. FORMACIÓN	6. ENROLADAS XÉNERO FEMININO	TOTAL
3	CANTIÑO	VI-5 9912	0,00	2,50	3,00	2,00	3,00	0,00	10,50
4	OLGA	VILL-3 9396	0,00	2,50	3,00	1,00	3,00	0,00	9,50
5	LIBRA	VILL-5 661	0,00	3,00	3,00	0,50	0,35	2,00	8,85
6	LUCITA	VILL-5 69	0,00	3,00	3,00	0,50	2,35	0,00	8,85
7	RAPIDA	VILL-5 741	0,00	2,50	3,00	1,00	2,32	0,00	8,82
8	SENECA	VI-5 10046	0,00	2,50	3,00	0,00	2,80	0,00	8,30
9	CUARTA LOLA	VILL-3 8553	0,00	2,00	3,00	2,00	0,00	0,00	7,00
10	EIRAS	VILL-3 9753	0,00	0,50	3,00	1,00	2,47	0,00	6,97
11	JABOTA	VILL-3 7412	0,00	2,50	3,00	1,00	0,00	0,00	6,50
12	MONCHIÑA	VILL-3 1-21	0,00	2,00	0,00	0,50	3,00	0,00	5,50
13	SEGUNDO MUNDIAL	VILL-3 10235	0,00	0,50	3,00	1,00	0,15	0,00	4,65
14	XANEL	VILL-5 229	0,00	0,00	3,00	0,50	0,00	0,00	3,50
15	MANOLITA	VILL-3 4628	0,00	2,00	0,00	1,00	0,15	0,00	3,15
16	FAVORITA	VILL-3 7510	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00

* (da embarcación nun porto base incluído no ámbito territorial das entidades titulares do plan).

